

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** Requirimento documentación técnico informático

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/000738

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía nº 949/2022, de 18 de xullo, que aprobou as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso para a provisión dunha praza de técnica/o informática/o, persoal laboral fixo, correspondente á Oferta de emprego público do ano 2022.

Tendo en conta a publicación das bases reguladoras do devandito proceso selectivo e a súa convocatoria no Boletín Oficial da Provincia nº 145, de 2 de agosto de 2022, así como os anuncios daquelas no Diario Oficial de Galicia, nº 173, de 12 de setembro de 2022, e no Boletín Oficial do Estado, nº 245, de 12 de outubro de 2022.

Sendo de aplicación os artigos 9, 26 a 28, 44, 49 a 51, 54 a 59 e 63 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia; a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; os artigos 21.1.g), 91, e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o artigo 177 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado por 364/1995, de 10 de marzo (de carácter supletorio conforme o artigo 1.3) e o Convenio colectivo do Concello de Teo.

Examinada a documentación que a acompaña, vista a proposta do Tribunal cualificador e o informe da técnica de Recursos Humanos de data 7 de xuño de 2023.

**RESOLVO:**

**Primeiro.**- Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación de Alejandro López Martín, provisto de DNI nº \*\*\*7440\*\*, como persoal laboral fixo, para ocupar a praza de técnico informático, posto asimilado ao grupo A2.

**Segundo.**- Notificar a presente Resolución ao candidato proposto requiríndolle, para que no prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, presente a declaración responsable segundo o modelo facilitado polo Concello, de que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo, así como de non estar incurso en causa de incompatibilidade, de conformidade coas previsións normativas aplicables ao respecto, e isto sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incurrir. Igualmente deberá presentar copia cotexada de toda a documentación que presentou xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo: titulación académica, Celga 4, DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade da persoa aspirante, así como a xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

**Terceiro.**- Non se fai pronunciamento expreso respecto da creación da bolsa de emprego ao non existir persoas aspirantes para integrarse naquela.

**Cuarto.**- Publicar a presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, e o anuncio da contratación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Diario Oficial de Galicia.

**Quinto.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde en funcións,  
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Díaz